



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Comunicación multimodal	Código	613836051	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da comunicación multimodal desde unha perspectiva pragmática, baseada na interpretación contextualizada dos diversos recursos en uso. Prestarase especial atención á análise da estrutura, a organización informativa e o uso dos distintos recursos na comunicación multimodal, en distintos ámbitos e para distintos propósitos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer o concepto de multimodalidade da comunicación e as súas implicacións.	AI1 AI6	BI3 BI7	CM4 CM6 CM8
Coñecer e saber manexar os requisitos, conceptos e procedementos para a análise dos discursos multimodais.	AI1 AI3 AI5 AI7 AI9 AI10	BI2 BI3 BI6 BI7	CM6
Integrar e utilizar as técnicas e ferramentas aportadas por distintas disciplinas e enfoques para analizar os discursos multimodais. Pór en valor a interdisciplinariedade.	AI1 AI2 AI3 AI4 AI5 AI9 AI10	BI2 BI5 BI7 BI8 BI10	CM3 CM6 CM8
Utilizar ferramentas das tecnoloxías da información e o coñecemento para a análise multimodal dos discursos.		BI3 BI5 BI8	CM3 CM8
Saber abordar organizar o proceso analítico de materiais multimodais, e desenvolvelo con perspectiva crítica e en constante revisión.	AI1 AI3 AI4 AI5 AI9	BI1 BI2 BI3 BI7 BI8 BI9 BI10	CM3 CM5 CM7 CM8



Expor de forma adecuada o desenvolvemento e os resultados das análises multimodais realizadas, transmitindo eficientemente a información e os procesos reflexivos, e sabendo adaptarse ao destinatario e aos obxectivos perseguidos.	AI3 AI5 AI7 AI9	BI4 BI7 BI8 BI9 BI10	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7
Coñecer e descubrir novas implicacións e utilidades da análise multimodal do discurso, en distintas áreas e para diversos problemas.	AI3 AI6 AI7	BI5 BI7 BI9	CM3 CM6 CM8
Reflexionar e adoptar unha postura crítica ante os produtos semióticos das sociedades, principalmente da contemporánea.	AI8	BI2 BI3 BI5 BI6	CM4 CM6 CM8
Enriquecer criticamente os coñecementos xa posuídos sobre análise da linguaxe, adoptando unha perspectiva multidisciplinar ampla e aberta a novos fenómenos, enfoques e obxectos de estudo.	AI1 AI2 AI3 AI8	BI1 BI2 BI6 BI7 BI9 BI10	CM4 CM5 CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación. Linguaxe, modo e recursos semióticos.	1.1. Comunicación e discurso. 1.2. A semiótica discursiva. 1.3. Os recursos semióticos. 1.4. Conceptos básicos e métodos na análise do discurso. A análise crítica do discurso.
2. A comunicación multimodal: definición, características. Conceptos básicos.	2.1. O concepto de modo. 2.2. Comunicación multimodal: definición, relevancia e evolución. 2.3. Conceptos básicos e características da comunicación multimodal. 2.4. A alfabetización multimodal.
3. A(s) análise(s) multimodal(es) da comunicación: enfoques e resultados.	3.1. Análise multimodal da comunicación e análise da comunicación multimodal. 3.2. Un enfoque global e comprensivo da comunicación. A construción do contido. 3.3. Principios, enfoques e métodos na análise multimodal. 3.4. Unidades e procesos na análise da comunicación multimodal. 3.5. Estudos de caso.
4. Comunicación, evolución e tecnoloxía: observacións históricas e contemporáneas.	4.1. Comunicación multimodal e evolución humana. 4.2. Comunicación multimodal e contorno dixital. 4.3. Comunicación multimodal e discursos públicos. 4.4. Comunicación multimodal, ensino e autoaprendizaxe. 4.5. Outros casos de relevancia actual.
5. Algunhas conexións: os xéneros discursivos; as narrativas transmedia; as novas alfabetizacións; sociedade e educación...	5.1. Conexións da análise multimodal con outros ámbitos de estudo. 5.3. Xéneros discursivos; narrativas transmedia; novas alfabetizacións... 5.4. Implicacións e consecuencias da análise (multimodal) dos discursos (multimodais).

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C6 C7 C8	0	16	16
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B10 C5 C6	8	6	14
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	7	4	11
Aprendizaxe colaborativa	A9 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	2	3
Prácticas a través de TIC	A1 A3 A4 A9 A10 B2 B8 C3 C5 C6 C7 C8	1	2	3
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C3 C5	4	20	24
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B6 B10 C1 C2 C4 C6 C7 C8	0	2	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	O/a estudante disporá dun dossier de lecturas obrigatorias de curso, ademais dunha listaxe de lecturas recomendadas; unha porcentaxe elevada será en inglés (son linguas básicas da materia o galego, o castelán e o inglés). Os materiais correspondentes a cada tema deberán ser lidos puntualmente polo/a estudante antes de ser tratados na aula, seguindo as indicacións do profesor.
Sesión maxistral	O profesor exporá organizadamente contidos fundamentais da materia, e responderá todas as dúbidas e cuestións formuladas polos/as estudantes a partir das súas lecturas obrigatorias. Prestarase especial atención ás dimensións aplicada e interdisciplinar dos contidos.
Obradoiro	Unha grande parte das aulas presenciais responderán á estrutura de obradoiros, con estudos de caso, debates, solución de problemas etc. Dada a carga horaria dispoñible, tenderán a ser de curta duración, mais serán de gran relevancia na avaliación do/a estudante. No obradoiro inclúense as actividades e tarefas avaliábeis, presenciais ou non, que deberá realizar o alumno/a para superar a materia.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa terá un papel fundamental: ao longo do curso realizaranse distintas tarefas, estudaranse casos e resolveranse problemas en grupo ou individualmente. Prestarase especial atención á participación do estudante.
Prácticas a través de TIC	Unha parte importante das actividades desenvolvidas requirirán a utilización de TIC.



Traballos tutelados	O/a estudante realizará polo menos un traballo académico individual. O tema será acordado co profesor, e este proporcionará as indicacións e guía necesarias nas titorías. O/a estudante deberá informar regularmente ao profesor sobre o desenvolvemento deste traballo, consultar as dúbidas que lle xurdan e atender as súas indicacións.
Proba obxectiva	O/a estudante poderá realizar unha proba obxectiva sobre os contidos da materia para a súa avaliación na segunda oportunidade de xullo, sempre e cando o profesor entenda que as circunstancias o aconsellan. Esta proba terá carácter teórico e práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	O profesor fará un seguimento personalizado do/a estudante, observando fundamentalmente a súa participación, actividade ?na aula e fóra dela? e desempeño.
Traballos tutelados	A atención personalizada desenvolverase fundamentalmente nas titorías individuais ou grupais. Estas realizaranse presencialmente ou por videoconferencia (segundo considere oportuno o/a docente), e poderán ser por iniciativa do profesor/a ou do/a estudante.
Obradoiro	Aconséllase que o/a estudante solicite sen dilación unha titoría co profesor/a cando queira abordar dúbidas ou cuestións que non poden tratarse na aula. Tamén se aconsella que acorde previamente a titoría por correo electrónico, para ter garantida a dispoñibilidade do docente.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A9 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B10 C5 C6	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C3 C5	Traballo individual tutelado polo profesor no que o/a estudante aplicará o aprendido na materia. O tema será acordado co profesor.	35
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C6 C7 C8	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Prácticas a través de TIC	A1 A3 A4 A9 A10 B2 B8 C3 C5 C6 C7 C8	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B6 B10 C1 C2 C4 C6 C7 C8	O/a estudante só poderá optar por esta posibilidade na segunda oportunidade, en substitución do traballo tutelado e se o profesor o considera oportuno. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	40





As porcentaxes aportadas arriba non responden á distribución real, e deberon ser incluídas por esixencias da aplicación.

1. A cualificación final do estudante na primeira oportunidade responderá á seguinte distribución:

1.1. Un 35% responderá ao/s traballo/s tutelado/s individual/es que debe realizar, incluíndo a súa posible exposición e defensa, e mesmo aos materiais desenvolvidos para achegarlles os contidos aos demais participantes no curso. Non se poderá superar a materia sen realizar este/s traballo/s: serán un ou dous.

1.2. Un 55% responderá ás actividades e tarefas avaliábeis encomendadas ao longo do curso (individuais e grupais, presenciais e non presenciais: serán entre dúas e cinco) e que o profesor recolla e puntúe. Estas actividades terán un peso maior ou menor na cualificación dependendo da súa dificultade ou da dedicación que esixan.

1.3. Un 10% responderá á participación e desempeño do/a estudante no desenvolvemento da materia, é dicir, nas aulas presenciais, nas non presenciais e no traballo fóra delas.

1.4. Superará

a materia quen teña unha cualificación global mínima de 5.00 puntos, sempre que realizara polo menos o(s) traballo(s) tutelado(s) e a metade das actividades e tarefas avaliábeis. Recibirá a cualificación de Non Presentado (N.P.) quen non realizase ningún dos traballos tutelados e, ademais, entregara menos da metade das actividades e tarefas avaliábeis.

1.5. Quen teña unha dispensa académica oficial, poderá substituír as tarefas avaliábeis que requiran a presenza na aula por outras actividades ou por unha proba mixta que realizará o día do exame oficial da materia. Será o profesor quen o decida atendendo ao carácter das tarefas e ás condicións específicas do/a estudante.

1.6. Os prazos de entrega e valor de cada tarefa comunicaranse co encargo: todas as actividades e traballos entregaránse durante o período de aulas da materia; o prazo de entrega da última tarefa finalizará, como moi tarde, aos dez días da última aula presencial.

1.7. A materia poderá ser adaptada ao alumnado que precise da adopción de

medidas de apoio á diversidade, consonte ás indicacións da Unidade de

Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>),

coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade.

Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal). En todo caso, quen solicitou que se lle recoñeza a condición de estudante con adaptación e aínda non se lle comunicou a decisión,

debe informar ao coordinador da materia (manuel.fernandez.ferreiro@udc.gal).

2. Quen non superara a materia, disporá dunha segunda oportunidade no mes de xullo. Nela conservaráselle as cualificacións de actividades superadas. O/a estudante ten dúas opcións:

Opción A. Realizar os traballos e actividades non entregados ou non superados na primeira oportunidade: pode ter que realizar as mesmas ou unhas substitutivas que lle indicará o profesor. A distribución porcentual para obter a cualificación final será igual á da primeira oportunidade. O prazo de entrega finaliza na data e hora oficiais establecidas para a proba obxectiva. Esta opción aplicarase por defecto. Opción B. Realizar as actividades non entregadas ou non superadas na primeira oportunidade (55%), e unha proba obxectiva (na data oficial establecida) que substitúe o(s) traballo(s) titorizado(s) (35%). Esta opción é extraordinaria e só se aplicará se están de acordo profesor e estudante: será o profesor quen a autorice ou recomende, tras a avaliación da primeira oportunidade, se considera que as circunstancias específicas do/a estudante o aconsellan.

Nas dúas opcións, se o/a estudante ten suspensa a parte de participación (10%, apartado 1.3), esta non computará, e cada unha das outras dúas gañará un 5% de peso na cualificación final.

Estas opcións son tamén de aplicación aos/ás estudantes con dispensa académica oficial.

3. Na oportunidade de avaliación adiantada, o estudante será avaliado exclusivamente mediante unha proba mixta de carácter teórico-práctico, pola que obterá o 100% da cualificación.

4. A fraude académica é absolutamente inaceptable. O profesor/a poderá utilizar ferramentas de busca e

anticopia (entre elas Turnitin) para detectar plaxios nos materiais que

desenvolvan os/as estudantes durante o curso. De atopárense coincidencias que

exceden o razoable, terá consecuencias na súa cualificación: desde a minoración

da cualificación ou o suspenso no traballo específico, ata a cualificación global de

suspenso na materia. Lémbrese a este respecto que o Regulamento disciplinar do estudantado da UDC recolle que a fraude

académica é unha falta grave ou moi grave, e establece as sancións para estes

casos: véxanse, entre outros, os artigos 10.3.f e 11.4.b (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/007335).

Lémbrese que o mesmo Regulamento prohíbe

a gravación, uso e distribución indebidos dos materiais utilizados nas materias:

non se poderán gravar ou distribuír por medio algún os materiais escritos e audiovisuais utilizados na materia, con propósitos alleos aos propios dela.

A expresión escrita e a oral serán sempre axeitadas. A falta de corrección ortográfica, de estilo e/ou de adecuación expositiva reflectirase negativamente nas cualificacións.



Fontes de información

Bibliografía básica

Manuais, obras introdutorias Aiello, Giorgia & Katy Parry (2019). Visual Communication: Understanding Images in Media Culture. London: Sage Publications. [**]Bateman, John, Janina Wildfeuer & Tuomo Hiippala (2017). Multimodality: Foundations, Research and Analysis. A Problem-Oriented Introduction. Berlin / Boston: Walter de Gruyter. [***]Bezemer, Jeff & Gunther Kress (2016). Multimodality, Learning and Communication: A Social Semiotic Frame. London: Routledge. Boylan, Alexis L. (2020). Visual Culture (=The MIT Press Essential Knowledge Series). Cambridge, MA: The MIT Press. [*]Cairo, Alberto (2011). El arte funcional: infografía y visualización de la información. Madrid: Alamut. Cairo, Alberto (2016). The Truthful Art: Data, Charts, and Maps for Communication (= New Riders Voices that Matter). Peachpit. Cubeiro, Carlos (2022). Manual de fundamentos del diseño gráfico. Fundamentos de la imagen gráfica y la comunicación visual. Córdoba: Editorial Almuzara. [**] Forceville, C. (2020). Visual and Multimodal Communication. Applying the Relevance Principle. Oxford & New York: Oxford University Press. [*]Jewitt, Carey (ed.) (2009). The Routledge Handbook of Multimodal Analysis. London / New York: Routledge. Jewitt, Carey, Jeff Bezemer & Kay L. O'Halloran (2016). Introducing Multimodality. London: Routledge. [***]Kress, Gunther (2005 [2003]). El alfabetismo en la era de los nuevos medios de comunicación. Málaga: Enseñanza Abierta de Andalucía. Kress, Gunther (2010a). "A social semiotic multimodal approach to human communication: implications for speech, writing and applied linguistics". En Rosario Caballero Rodríguez & M.ª Jesús Pinar Sanz (eds.). Ways and Modes of Human Communication (= Colección Estudios; 129), Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha & Asociación Española de Lingüística Aplicada, 77-92. Kress, Gunther R. (2010b). Multimodality: A Social Semiotic Approach to Contemporary Communication. London / New York: Routledge. Kress, Gunther R. & Theo van Leeuwen (2021, 3.ª edición). Reading Images: The Grammar of Visual Design. London / New York: Routledge. [***]Machin, David (2014 [2007]). Introduction to Multimodal Analysis. London: Hodder Arnold. [**]Mariani, Massimo (2019). Qué nos dicen las imágenes: la retórica visual en el arte, el diseño gráfico y la publicidad. Barcelona: Hoaki. [*]Mirzoeff, Nicholas (2015). How to See the World. Pelican Books. [*]Norris, Sigrid (2019). Systematically Working with Multimodal Data. Research Methods in Multimodal Discourse Analysis. Hoboken, NJ & Chichester, UK: John Wiley & Sons. [***]O'Halloran, Kay L. & Bradley A. Smith (eds.) (2011). Multimodal Studies: Exploring Issues and Domains. New York / London: Routledge. Rose, Gillian (2016). Visual Methodologies. An Introduction to Researching with Visual Materials (4th edition). Los Angeles, CA / London: Sage Publications. [***]van Leeuwen, Theo (2021). Multimodality and Identity. London & New York: Routledge. [*]van Leeuwen, Theo & Carey Jewitt (eds.) (2008[2001]). Handbook of Visual Analysis. London & Thousand Oaks, CA: Sage Publications. Wildfeuer, Janina, Jana Pflaeging, John Bateman, Ognian Seizov & Chao-I Tseng (eds.) (2019). Multimodality. Disciplinary Thoughts and the Challenge of Diversity. Berlin / Boston, MA: Walter de Gruyter GmbH. [*] Páxinas web GLOSARIO de multimodalidade, URL: <https://multimodalityglossary.wordpress.com/multimodality>. Glosario de termos utilizados na análise da multimodalidade, recollido na páxina web do MODE. MODE, URL: <http://mode.ioe.ac.uk>. MODE is a node of the National Centre for Research Methods and funded by the Economic and Social Research Council. It develops multimodal methodologies for social scientists, providing systematic ways to investigate all modes of communication used in digital environments, whether they are sites of learning, work, or 'social' sites (e.g. Facebook). Doyle, Stephen. Charla TED: "Art that brings words to life". https://www.ted.com/talks/stephen_doyle_art_that_brings_words_to_life#t-409825 Forceville, Charles. "Adventures in multimodality", web deste autor con materiais interesantes. <https://muldisc.wordpress.com/Jardí, Enric>. Vídeo en Youtube no que explica algúns dos seus traballos: <https://www.youtube.com/watch?v=-wVRpZNaKZg> Kalman, Maira. Charla TED: "The illustrated woman". https://www.ted.com/talks/maira_kalman_the_illustrated_woman Niemann, Christoph. Charla TED: "You are fluent in this language and you don't even know it". https://www.ted.com/talks/christoph_niemann_you_are_fluent_in_this_language_and_don_t_even_know_it



Bibliografía complementaria

Banda deseñada e novela gráfica Bordes, Enrique (2017). Cómico, arquitectura narrativa (= Signo e imágen; 173). Madrid: Cátedra. [*] Cohn, Neil (2014). The Visual Language of Comics: Introduction to the Structure and Cognition of Sequential Images (= Bloomsbury Advances in Semiotics). London: Bloomsbury Academic. [*] Cohn, Neil (ed.) (2016). The Visual Narrative Reader. London: Bloomsbury Academic. Cohn, Neil (ed.) (2021). Who Understands Comics? Questioning the Universality of Visual Language Comprehension. London: Bloomsbury Academic. Davies, Paul Fisher (2019). Comics as Communication: A Functional Approach (= Palgrave Studies in Comics and Graphic Novels). Cham: Palgrave Macmillan. [*] del Rey Cabero, Enrique (2021). (Des)montando el libro. Del cómic multilineal al cómic objeto. León: Universidad de León. [*] Eisner, Will (1996). El arte secuencial. Barcelona: Norma Editorial. [Orixinal en inglés: Comics and Secuential Art.] Eisner, Will (1998). La narración gráfica. Barcelona: Norma Editorial. [Orixinal en inglés: Graphic Storytelling.] Gasca, Luis & Román Gubern (2011). El discurso del cómic (= Signo e imágen; 139). Madrid: Cátedra. [*] Groensteen, Thierry (2013). Comics and narration. Jackson, MI: University Press of Mississippi. [*] Madden, Matt (2007[2005]). 99 ejercicios de estilo. Madrid: Ediciones sinsentido. [**] McCloud, Scott (2007[1993]). Entender el cómic: el arte invisible (2.ª edición). Bilbao: Astiberri Ediciones. [Orixinal en inglés: Understanding Comics: The Invisible Art.] [*] Trabado Cabado, José Manuel (ed.). (2013). La novela gráfica, poéticas y modelos narrativos. Madrid: Arco/Libros. Trabado Cabado, José Manuel (ed.) (2021). Lenguajes gráfico-narrativos. Especificidades, intermedialidades y teorías gráficas. Gijón: Ediciones Trea. Outras obras de interese Bal, Mieke (2016). Tiempos trastornados. Análisis, historias y políticas de la mirada. Madrid: Akal. Barro, Pepe (2018). Más que ver. Cen historias do deseño na Galiza. Vigo: Xerais. Berger, John, Sven Blomberg, Chris Fox, Michael Dibb & Richard Hollis (2017, 3.ª ed.). Modos de ver [basado en la serie de televisión da BBC en colaboración con John Berger]. Barcelona: Editorial Gustavo Gili. [Orix.: Ways of Seeing. London: British Broadcast Corporation & Penguin Books, 1972]. Böck, Margit & Norbert Pachler (eds.) (2013). Multimodality and Social Semiosis: Communication, Meaning-Making, and Learning in the Work of Gunther Kress (= Routledge Studies in Multimodality). London & New York: Routledge. Boylan, Alexis L. (2020). Visual Culture (= The MIT Press Knowledge Series). Cambridge, MA: The MIT Press. Burtenshaw, Ken, Nik Mahon & Caroline Barfoot (2006). The Fundamentals of Creative Advertising. Lausanne: AVA Publishing. [Tradución ao castelán: Principios de publicidade: el proceso creativo, agencias, campañas, medios, ideas y dirección de arte. Barcelona: Gustavo Gil, 2007.] Cairo, Alberto (2008). Infografía 2.0: visualización interactiva de información en prensa. Madrid: Alamut. Carrera, F. (2013). Comunicar 2.0. El arte de comunicar bien en el siglo XXI. Barcelona: Profit. Cassany, Daniel (2012). En_línea: leer y escribir en la red (= Argumentos; 441). Barcelona: Anagrama. Dahlström, Anna (2019). Storytelling in Design. Defining, Designing, and Selling Multidevice Products. Sebastopol, CA: O'Reilly. Davies, Paul Fisher (2019). Comics as Communication: A Functional Approach (= Palgrave Studies in Comics and Graphic Novels). London: Palgrave Macmillan. Garzone, Giuliana, Gina Poncini & Paola Catenaccio (eds.) (2007). Multimodality in corporate communication: web genres and discursive identity (= Lingua, tradizione, didattica; 1058.15). Milano: Franco Angeli s.r.l. Gombrich, E. H. (2016). La evidencia de las imágenes (= Chiribitas; 8). Vitoria-Gasteiz & Buenos Aires: Sans Soleil Ediciones. [Orix.: "The evidence of images". En Charles S. Singleton, Interpretation: Theory and Practice. Baltimore, MD: The Johns Hopkins Press, 1969, 35-104]. Groensteen, Thierry (2013). Comics and Narration. University Press of Mississippi. Hagen, Rose-Marie & Rainer Hagen (2010). Los secretos de las obras de arte: del tapiz de Bayeux a los murales de Diego Rivera, 2 vols. Köln: Taschen GmbH. Heller, Steven & Gail Anderson (2018a). El libro de ideas para el diseño gráfico. Inspiración de la mano de 50 maestros. Barcelona: Blume. [Orix.: The Graphic Design Idea Book. Inspiration from 50 Masters. London: Laurence King Publishing, 2016.] Heller, Steven & Gail Anderson (2018b). El libro de ideas para la ilustración. Inspiración de la mano de 50 maestros. Barcelona: Blume. [Orix.: The Illustration Idea Book. Inspiration from 50 Masters. London: Laurence King Publishing, 2018.] Jardí, Enric (2014). Pensar con imágenes. Barcelona: Editorial Gustavo Gili. Jenkins, Henry, Sam Ford & Joshua Green (2015). Cultura transmedia. La creación de contenido y valor en una cultura en red. Barcelona: Gedisa. Kress, Gunther (2005). ?Gains and Losses: new forms of texts, knowledge and learning?, Computers and Composition, 22: 5-22. Kress, Gunther & T. van Leeuwen (2001). Multimodal Discourse. The Modes and Media of Contemporary Communication. London: Arnold. Kress, Gunther & J. Bezemer (2009). Writing in a Multimodal World of Representation. The Sage Handbook of Writing Development. London: Sage. Lamarre, Guillaume (2018). Storytelling como estrategia de comunicación. Barcelona: Gustavo Gili. [Orix.: L'art du storytelling: manuel de communication. Pyramid Éditions, 2018]. Levine, Philip & Ron Scollon (eds.) (2004). Discourse and Technology: Multimodal

Discourse Analysis (= Georgetown University Round Table on Languages and Linguistics). Washington, D.C.: Georgetown University Press.

Lupton, Ellen (2019). *El diseño como storytelling*. Barcelona: Gustavo Gili. [Orix.: *Design is Storytelling*. Cooper Hewitt, Smithsonian Design Museum, 2017].

Manghui, Dominique (2011). ¿La perspectiva multimodal sobre la comunicación. Desafíos y aportes para la enseñanza en el aula?, *Revista Electrónica Diálogos Educativos*, 22. URL: <http://www.umce.cl/dialogoseducativos/n22/manghi>.

Norris, Sigrid (2004). *Analyzing Multimodal Interaction: A Methodological Framework*. New York & London: Routledge.

Norris, Sigrid (2011). *Identity in (inter)action: introducing multimodal (inter)action analysis* (= Trends in Applied Linguistics; 4). Berlin: De Gruyter Mouton.

Norris, Sigrid (ed.) (2012). *Multimodality in Practice: Investigating Theory-in-Practice-through-Methodology* (= Routledge Studies in Multimodality). London: Routledge.

O'Halloran, Kay L. (ed.) (2004). *Multimodal Discourse Analysis: Systemic-Functional Perspectives* (= Open Linguistics Series). London / New York: Continuum.

Perloff, R. M. (2017). *The Dynamics of Persuasion. Communication and Attitudes in the 21st century* (6.ª edición; 1.ª ed., 1993). New York / London: Routledge.

Sánchez Vidal, A. (2020). *Genealogías de la mirada*. Madrid: Cátedra.

Tufte, Edward R. (2001). *Envisioning information*. Cheshire, CT: Graphics Press, 8.ª reimpresión.

Verschuere, Jef (2012). *Ideology in Language Use: Pragmatic Guidelines for Empirical Research*. Cambridge & New York: Cambridge University Press.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndaselle ao/á estudante que

lea atentamente esta guía docente. Nela atopará resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso; pode acudir ao profesor para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Particularmente, debe prestar especial atención ao seguinte: Asista ás aulas regularmente e ás titorías e reunións establecidas fóra delas, tanto presenciais como non presenciais. Realice puntualmente as lecturas de curso encomendadas antes de que sexan tratadas nas aulas. Participe activa e criticamente nas aulas expoñendo as súas ideas e dúbidas, ademais de escoitando e valorando as dos outros/as estudantes. Traballe colaborativamente cos seus compañeiros/as. Entregue puntualmente as tarefas encomendadas no momento, forma e soporte establecidos. Nas exposicións escritas débense coidar a corrección ortográfica, o estilo e a

adequación expositiva; de igual forma, as exposicións orais deben adecuarse ao contexto académico e aos obxectivos perseguidos. De non ser así, reflectirase negativamente nas

calificacións. Acuda ao profesor para aquelas dúbidas que precisen unha atención ou guía máis individualizada. O

plaxio total ou parcial é inadmisibile. Pode conlevar a perda de

máis puntuación có valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia.

A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da

fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou

calquera outra. Considérase moi grave a copia total ou parcial de traballos

elaborados por outros/as estudantes.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías